



MESA DE CONTRATACIÓN

Exp. **SU 03/2016** CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA PARA A SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA CALDEIRA DE PELLET PARA O INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS FORESTAIS DE LOURIZÁN (CIFL) COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER-GALICIA 2014-2020. CONTRATACIÓN "DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA"

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA (Núm. 5)

Data: 23.09.2016

Lugar: Sala de Xuntas da Consellería do Medio Rural, Edif. San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela

Hora de inicio: 13:30 h

Hora de remate: 14:15 h

ASISTENTES:

Presidente: Manuel López Luaces, director del centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Secretario: Alfonso Ribas Álvarez, secretario técnico do Ingacal

Vogal interventor: Eloy Mene Paz

Vogal xurídico: Juan José Lois Barcia

Vogal: Sergio Frade Castro, Técnico de Apoio de Divulgación Agroforestal, Centro de Investigación Forestal de Lourizán

ORDE DO DÍA

1. Lectura da acta número 4.
2. Revisión da documentación presentada polos licitadores seleccionados.
3. Alegacións presentadas pola empresa Ecogal Energías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L.



ACORDOS

Os membros asistentes designados, en virtude da Resolución da Presidencia do 24 de abril de 2013 (DOG de 3 de maio de 2013), de delegación de competencias da presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, na Resolución de 8 de agosto de 2016 da Dirección do Ingacal para a constitución da Mesa do expediente de contratación SU 03/2016 e asistentes a esta sesión, proceden a iniciar o debate da orde do día sinalado.

Procédese á lectura da acta número 4 do expediente de contratación SU 03/2016, correspondente á sesión da mesa celebrada en data do 14 de setembro de 2016, na que se acordou: a exclusión da empresa Ecogal Energías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L. do proceso por incumprir as esixencias do prego técnico, segundo o informe do Instituto Tecnolóxico de Galicia; a valoración segundo os criterios que rexen este procedemento coas puntuacións acadadas por cada empresa; a proposta de adxudicación do contrato á empresa ACENDE ENERXIA S.L. por ser a que acadou a maior puntuación e a comunicación do acordo e requirimento da preceptiva documentación necesaria para facer efectiva a contratación.

En virtude dos acordos da mesa de contratación, o día 14 de setembro de 2016 foi requirida a documentación á empresa ACENDE ENERXIA, S.L. outorgándosele un prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á recepción do requirimento. O martes, día 20, último día do prazo outorgado, a empresa ACENDE ENERXÍA, S.L. presentou a documentación requirida, a excepción do documento correspondente á garantía que non se correspondía có xustificante (orixinal) de ter depositado, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, da garantía definitiva polo importe sinalado na cláusula L da carátula, tal e como se lle requiriu segundo o apartado j do epígrafe 6.4.1 do Anexo I (Documentación que deberá presentar o licitador seleccionado) do citado requirimento. Procedeuse a informar á empresa da necesidade de presentar en tempo e forma o orixinal do xustificante de depósito da garantía na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia.

O xoves, día 22, a empresa ACENDE ENERXÍA, S.L. presentou un escrito no que argumentaba textualmente que "por motivos de logística, dicha empresa no está interesada en la ejecución de la obra objeto de este procedimiento y, por lo tanto, renuncia formalmente a la misma". Non foi presentado o orixinal do xustificante do depósito da garantía definitiva.

Á vista dos feitos, a mesa acorda:

1. Comunicar ao órgano de contratación deste expediente os feitos relatados, por se estas actuacións puideran ser causa dunha proposta de inicio de expediente de prohibición de contratación coa Administración.
2. Acórdase requirir ao seguinte licitador que, cumprindo todas as esixencias e cláusulas administrativas e pregos técnicos, acadou a segunda mellor puntuación no procedemento SU 03/2016 que corresponde á empresa PROTOSOLAR S.L.U.
3. Révisanse as alegacións presentadas pola empresa Ecogal, Energías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L. A mesa salienta que o procedemento non está concluído e que en todo o procedemento respectouse escrupulosamente o principio de igualdade de trato. A apertura das ofertas foi realizada nun acto público no que estiveron



presentes todos os interesados no procedemento que así o desexaron. Perante a dificultade para coñecer o cumprimento dos pregos de prescricións técnicas, a todas as empresas que concorreron no procedemento se lles requiriu aclaración da documentación presentada, podendo aportar toda a documentación e información que considerasen do seu interese para acreditar o cumprimento dos pregos de prescricións técnicas.

Toda a documentación foi obxecto dun informe técnico emitido polo Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), do que se desprende que a empresa Ecogal, Energías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L. non cumpría o prego de prescricións técnicas nos aspectos que a continuación se relacionan respecto do punto 3.3.1 (Caldeira de Biomasa) :

- Caldeira de biomasa fabricada en chapa de aceiro con 4 pasos de fume: O informe indica que polo reflectido na páxina 6 do manual a caldeira ten 2 pasos de fumes.
- Control de entrada de pellets a queimador mediante sensor capacitivo: O informe indica que polo reflectido na páxina 37 o sensor capacitivo é para controlar a dosificación de pellets á caldeira dende unha tolva externa non para regular a entrada de pellets no queimador.
- Sistema de limpeza automático de intercambiadores de calor, mediante motor, biela e tubuladores: O informe indica que polo reflectido na páxina 41 a limpeza do intercambiador é hidráulica non mecánica.
- Sistema dosificador de tolva intermedia e queimador con sensor de nivel capacitivo: O informe indica que polo relectido na páxina 37 o sensor capacitivo é para controlar a dosificación de pellets á caldeira dende unha tolva externa non para regular a entrada de pellets no queimador.

A mesa de contratación na súa reunión do 14 de setembro de 2016, adoptou o acordo de excluir por estes motivos á citada empresa. Para o acceso a determinada documentación cómpre a súa identificación concreta, para darlle traslado, de ser o caso, ás empresas afectadas, para que determinen se esa documentación é ou non confidencial.

Acórdase notificarlle á empresa Ecogal, Energías Renovables, Autoconsumo y Eficiencia Energética S.L., a súa exclusión, as razóns da mesa, e a posibilidade de interpor os recursos que correspondan.

E sendo as 14:15 horas, do día de referencia, e tratados os asuntos da Orde do día de hoxe, o Presidente acorda levantar a sesión.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

O presidente

Manuel López Luaces

O secretario

Alfonso Ribas Álvarez